



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 21-22

IES

PUNTA

CANDIEIRA

Día do Orgullo Neofalante



O venres , 1 de outubro , celebramos o **Día do Orgullo Neofalante** da man do Servizo de Normalización Lingüística do concello de Cedeira. O Día do Orgullo Neofalante ten como obxectivo gañar falantes e espazos de uso para o galego.

A escolla da data débese ao aniversario do nacemento do autor Andrés do Barro, designado hai varios anos por diferentes colectivos como símbolo das persoas neofalantes de galego.

Para celebrarmos este día o alumnado de **4º da ESO** acudiron ao auditorio municipal onde se presentou o documental **Barullo**, de Xosé Antón Bocixa.

Este documental trata da diversidade musical en lingua galega, con testemuñas e actuacións de grupos de pop, rock, tradicional, rap, canción de autor....Un filme de interese para público xeral, aínda que creado especialmente para aulas de escolas e institutos.